

Auxiliar de laboratorio

Grupo IV

Temario común:

1. Constitución española, do 27 de decembro de 1978: títulos preliminar a II e capítulo I do título III.
2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de autonomía de Galicia: títulos preliminar a II.
3. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística: títulos I e II.
4. Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público: títulos I, II e capítulos I e VI do título III.
5. V Convenio Colectivo Único para persoal laboral fixo da Xunta de Galicia: capítulos V a X.
6. Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes: títulos preliminar e II

Temario específico:

1. Nomenclatura en química orgánica e inorgánica.
2. Reactivos químicos: tipificación e pureza dos reactivos utilizados no laboratorio. Clasificación dos produtos químicos en función das súas características de risco. Símbolos de indicación do risco. Fichas de seguridade, as frases R e as frases S. Manipulación de reactivos.
3. Prevención e medidas de seguridade nos laboratorios. Riscos laborais nos laboratorios químicos e microbiolóxicos. Medidas que se tomarán no caso dos accidentes máis habituais. Primeiros auxilios. Xestión de residuos no laboratorio: clasificación, recollida e eliminación.
4. A calidade nos laboratorios de ensaio. Normas internacionais de calidade. A norma UNE-EN-ISO/IEC 17025: conceptos xerais. Manual de calidade. Procedementos normalizados. Exixencias da acreditación dos laboratorios.
5. Coidado do material de uso xeral nos laboratorios. Conceptos xerais de calibración e verificación de equipos. Material para análise volumétrica: descrición, limpeza e aplicación.

Material para análise gravimétrica: descrición, limpeza e aplicación. Material para análise microbiolóxica: descrición, limpeza e aplicación.

6. Preparación de disolucións. Disolucións patrón e substancias de tipo primario. Disolucións valoradas. Conservación das disolucións. Expresión da concentración dunha disolución. Concentración en tanto por cento (peso e volume). Molaridade. Normalidade. Concentración en partes por millón.
7. Concepto de pH. Disolucións neutras, ácidas e alcalinas. Disolucións tampón. Medidas do pH. Coidado e manexo de electrodos.
8. Preparación e conservación de mostras para análise agraria ou agroalimentaria: requirimentos segundo o tipo de mostra e o tipo de análise. Mostras de alimentos, mostras de pensos e as súas materias primas, mostras de forraxes, mostras de ensilados, mostras de fertilizantes orgánicos e inorgánicos, mostras de solos, mostras de material vexetal para análise foliar, mostras para análise de residuos de pesticidas.
9. Preparación, obtención (necropsias) e conservación de mostras para a súa análise desde o punto de vista da sanidade animal: requirimentos segundo o tipo de mostra e o tipo de análise. Mostras obtidas de animais vivos ou mortos (incluídos os fetos) e os seus produtos e de alimentos e augas destinados para uso animal: ouriños, leite, pel, pelos, plumas, sangue, feces, vísceras, secrecións, exsudados, soro sanguíneo, contido gástrico, cebos sospeitosos, auga, pensos, materias primas para alimentos, etc. Mostras para análises bacteriolóxicos, virolóxicos, parasitolóxicos, serolóxicos, anatomopatolóxicos, toxicolóxicos e químicos.
10. Preparación e conservación de mostras para a súa análise desde o punto de vista ambiental. Mostras de auga. Toma de mostras de líquidos en movemento. Toma de mostras de líquidos en repouso. Mostras de gases. Toma de mostras en emisións: concepto de isocinetismo. Preparación de utensilios para medición de gases en emisión e aire atmosférico.